



BASES DO PROGRAMA DE CAMPAMENTOS URBANOS DE VERÁN (NATURARTE VERÁN 2024): ECOARTÍSTICO, MEDIOAMBIENTAL E MULTIAVENTURA PARA RAPACES/AS NADOS/AS ENTRE O 1 DE XANEIRO DE 2012 E O 31 DE DECEMBRO DE 2016

Artigo 1. O Programa de Campamentos Urbanos (Naturarte verán 2024): Ecoartístico, Medioambiental e Multiaventura é un programa socioeducativo e de lecer de apoio á infancia e á mocidade, que ten entre os seus fins promover que os máis novos/as poidan gozar de espazos seguros para o ocio e desfrute do tempo de lecer a través dunha variada serie de iniciativas medioambientais, de coñecemento e protección e promoción do patrimonio natural, artístico e histórico de Vilagarcía e a súa contorna, así como o de favorecer actividades lúdico deportivas e culturais etc,. Todo elo, dirixido por un equipo socioeducativo que contribúa á canalización das súas inquietudes xerando procesos participativos grupais a través de distintas propostas de ocio saudable e participativo. Ao mesmo tempo, preténdese facilitar a conciliación das responsabilidades familiares, persoais e profesionais e que garanta a igualdade de oportunidades.

A oferta desta nova edición comprenderá actividades para facilitar un espazo de ocio orientado a favorecer o seu benestar físico e emocional inculcando os valores de igualdade, solidariedade; valoración do patrimonio natural e cultural, cooperación etc, para favorecer a convivencia e o respecto mutuo e previr condutas de risco mediante a realización dunha ampla variedade de actividades que contribúan ao reforzo dos contidos educativos, dun xeito lúdico, a través dun proxecto educativo enmarcado dentro da educación non formal.

As presentes Bases públicas rexerán o proceso de inscrición no programa de campamentos Urbanos (Naturarte verán 2024): Ecoartístico, Medioambiental e Multiaventura, promovidos polo Concello de Vilagarcía.

Artigo 2. Destinatarios/as e requisitos de acceso

2.1. Destinatarios/as.

- a) O Programa está dirixido a 60 rapaces/as distribuídos en tres campamentos nos que se ofertan 20 prazas, cada un, para nados/as entre o **1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2016**, empadroados/as no Concello de Vilagarcía de

- b) Arousa, que formen parte dunha unidade familiar na que ambos proxenitores ou titores teñan unha actividade laboral. No caso de nenos/as non empadroados/as, os/as pais, nais ou titores/as (ámbolos dous) terán que demostrar o desempeño da súa actividade laboral no municipio de Vilagarcía de Arousa.

Será requisito de acceso imprescindible que ámbolos dous proxenitores poidan acreditar a súa situación de ocupación. Para acreditar esta situación, os/as proxenitores deberán presentar unha declaración xurada, xunto coa solicitude, de que os dous manteñen unha situación de ocupación, ben por conta allea, ben por conta propia. A Administración comprobará de xeito aleatorio esta situación para o que pedirá documentación acreditativa deste feito así como calquera outro que considere necesario no relativo ao cumprimento dos requisitos de acceso ao programa.

- c) Do total das 60 prazas de campamentos ofertadas, 6 serán de adjudicación directa por derivación dos Servizos Sociais do concello, repartidas polo menos dúas por campamento.**

- d) Terán acceso directo ao servizo, as unidades familiares, nas que a nai se atope en situación de violencia de xénero, circunstancia que deberá acreditarse aportando un informe do CIM da Concellería de Muller e Igualdade do Concello de Vilagarcía.

- e) O/a solicitante deberá estar empadroado/a no municipio de Vilagarcía de Arousa

d) Para participar nos campamentos urbanos de verán (Naturarte verán 2024) será requisito indispensable: non padecer ningunha enfermidade infectocontaxiosa en fase activa.

2.2. Poderán participar menores en situación de tutela ou garda por parte da Administración que se atopen en réximen de acollemento residencial coma en atención de día nalgún centro con sede en Vilagarcía de Arousa no curso 2023/2024.

Artigo 3.- Organización

Os/as proxenitores/as elixirán na solicitude praza de campamento, por orde de prioridade do 1 ao 3. Aquelas solicitudes presentadas e de ser seleccionadas e que non teñan cuberta a preferencia ou preferencias de campamento será a Administración a que determine o campamento no que participará o/a menor.

Ninguna persoa participante poderá ser admitida en máis dun campamento nesta convocatoria.

Artigo 4. Quendas, lugar e horario

Os Campamentos urbanos desenvolveranse de luns a venres, nas seguintes quendas horario e lugares:

Campamento Urbano Ecoartístico

QUENDA **do 3 ao 16 de xullo** (de luns a venres) e de 9.00 a 14.00 h.

Prazas: 20

Lugar: Seminarios do Auditorio e espazos naturais e da contorna de Vilagarcía.

Entre outras actividades a realizar: obradoiros de maxia, baile, ritmos musicais e de percusión. Elaboración de instrumentos musicais, cerámica, teatro, xogos e visita á Illa de Cortegada, Museo Ferrocarril etc.,.

Campamento Urbano Medioambiental

QUENDA **do 17 ao 31 de xullo** (de luns a venres) e de 9.00h a 14.00 h

(O día 25 de xullo é festivo e non haberá actividade).

Prazas: 20

Lugar: Seminarios do Auditorio e espazos naturais e da contorna de Vilagarcía.

Entre outras actividades a realizar: Visita M. Ferrocarril, roteiros con dinámicas e xogos en diferentes espazos naturais: Monte Xiabre, Castro Alobre, Illa de Cortegada, busca do tesouro. Actividade intepret. intermareal da Praia Concha-Compostela. Visita á protectora de animais, actividade sobre invertebrados no río do Parque da Coca, avistamento de aves etc.,.

Campamento Multiaventura

QUENDA **do 1 de agosto ao 14 de agosto** (de luns a venres) de 9.00h a 14.00 h

Prazas: 20

Lugar: Seminarios do Auditorio e espazos naturais da contorna de Vilagarcía.

Entre outras actividades: practicaranse diferentes xogos deportivos na praia, carreiras de orientación, busca do tesouro; xincanas deportivas, xeocaching histórico e visita á Illa de Cortegada, M. Ferrocarril etc.,.

Nota.: En caso de malas condición climatolóxicas as actividades poderán variar.

Artigo 5. Inscripción

5.1. Lugar e prazo de presentación de solicitudes

O Prazo de presentación de solicitudes será: **do 29 de maio ao 7 de xuño de 2024** (ambos inclusive). A solicitude para poder participar nos campamentos deberá presentarse **completa e con toda a documentación preferiblemente** de forma telemática, a través da sede electrónica: sede.vilagarcia.gal (accedendo ao apartado:

Busca de Procedementos e a continuación introducir o código do formulario: 14003. Para a presentación de solicitudes, na Sede electrónica do Concello de Vilagarcía, admite os certificados electrónicos do sistema Clave, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistema de usuario e contraseña) e certificados electrónicos (incluído o DNI). Tamén se pode presentar a solicitude presencialmente (utilizando o formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica do Concello), que unha vez cuberto deberá imprimirse e asinarse e presentarse no Rexistro Municipal.

Os/as proxenitores poderán indicar ata 3 quendas, na solicitude, por orde de prioridade de campamento do 1 ao 3. Cada participante, de ser adxudicatario de praza, só poderá participar nun campamento.

5.2. Documentación a presentar coa solicitude

1. Copia do DNI dos/as proxenitores e do/a menor (de non ter DNI, folia correspondente do libro de familia).
2. Copia da cartilla sanitaria do/a menor ou do seguro médico privado.
3. Cuestionario de condicións de saúde e autonomía persoal, que figura coa solicitude, con todos os puntos debidamente cubertos e asinado.
4. Declaración xurada da situación activa de ocupación.
5. Documento acreditativo da situación de familia monoparental: fotocopia cotexada do libro de familia, do certificado de defunción, da demanda ou sentenza de separación ou divorcio, xunto co acordo regulador ou resolución xudicial sobre as medidas paterno filiais (de ser o caso).
6. Certificado de recoñecemento minusvalía ou do grao e nivel de dependencia e un informe explicativo do tipo de discapacidade ou das características do/a menor, para a integración axeitada nas actividades.
7. Documento acreditativo de situación de violencia de xénero emitido polo C.I.M. municipal (de selo caso).
8. No caso dos/as menores en situación de tutela ou garda administrativa, certificado expedido pola dirección que acredite que durante o período 2023/2024 o/a menor está en situación de internamento ou atención diurna.
10. No caso de menores estranxeiros/as, copia compulsada do permiso legal de residencia ou documento análogo.

IMPORTANTE:

A sinatura da solicitude implica o coñecemento e acatamento das bases do programa

de campamentos urbanos (Naturarte verán 2024): Ecoartístico, Medioambiental e Multiaventura. As solicitudes que non presenten a documentación acreditativa para o acceso ao programa, no caso de obter praza a través da orde de entrada do rexistro de entrada, quedarán excluídas de non seren completadas antes do día de publicación da listaxe de admitidos/as. A administración local, en calquera momento, poderá pedir información e /ou máis documentación que permita comprobar a veracidade dos datos incluídos na mesma.

Artigo 6. Proceso de selección e adxudicación de prazas

6.1. Selección dos/as participantes e listas de espera.

Unha vez finalizado o prazo de inscrición, elaboraranse as listas con todos/as os/as solicitantes inscritos/as nas diferentes quendas. A adxudicación das prazas será por orde de entrada no rexistro do Concello e en caso de superar o número de prazas ofertadas elaborárase unha lista de agarda seguindo a orde de entrada no rexistro.

O día 27 de xuño de 2024 publicaranse as listas coas persoas admitidas, para cada Quenda Campamental, na páxina: sede.vilagarcia.gal no taboleiro de anuncios.

Artigo 7. Incorporación aos campamentos

A incorporación e a recollida, todos os días, nas actividades dos campamentos será responsabilidade do Pai/Nai ou Titor/ra responsable do/a menor e no caso que non fose posible por calquera circunstancia nalgún momento, polas persoas antes mencionadas, os/as proxenitores/ras e titores/ras deberán aportar un documento asinado autorizando a outras persoas, maiores de idade, para tal fin e indicándoo con antelación.

Para a formalización desta autorización deberán achegar a fotocopia do DNI da/s persoa/s que serán responsables da entrega e recollida do/a neno/a das actividades.

Artigo 8. Equipamento persoal necesario

Os/as rapaces/as que participen nos campamentos (Naturarte verañ 2024) deberán levar, ademais do equipamento que se indique para algunha actividade concreta, o seguinte:

Roupa axeitada (preferiblemente de algodón, usada e cómoda)

Calzado forte e cómodo.

Sombreiro ou gorra.

Protector solar (factor moi alto).

Pequena mochila. Auga e merenda saudable.

